UGT Servizos Públicos Galicia

Informa-t

EGAP: CONVOCATORIA PLAN FORMATIVO OFIMÁTICO DE GALICIA 2023

Santiago de Compostela 13/02/2023

Publicada hoxe a **convocatoria das actividades formativas que compoñen o Plan formativo ofimático de Galicia**.

Convócanse **2.000 prazas en accións formativas impartidas na modalidade de teleformación** integradas no Plan formativo ofimático de Galicia, que a continuación se relacionan:

– Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (LibreOffice Base).
– Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (Microsoft Office 2019).
– Aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc).
– Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Office 2019).
– Aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer).
– Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Office 2019).
– Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (LibreOffice Impress).
– Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (Microsoft Office 2019).
– Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (GNU/Linux Debian 9).
– Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (contorno Windows 10).

Requisitos dos participantes:

- Poderá participar nas actividades formativas persoal ao servizo de:
  - Administración pública da Comunidade Autónoma.
  - Entidades públicas instrumentais e da Administración institucional de Galicia.
  - Administración de xustiza.
  - Entidades locais de Galicia.
  - Administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG).
- Que se encontre en:
  - Situación de servizo activo (incluído permiso por maternidade, adopción, acollemento ou excedencia polo coidado dun/a fillo/a ou dun/a familiar)
  - Que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria e para cada un dos casos no anexo II
- Exceptuado o persoal:
  - Docente Consellería de Cultura, Educación e Universidade
  - Escalas dos corpos da policía de Galicia, policía local e bombeiros.
  - SERGAS (non entendendo por tal o persoal da Lei 17/1989)

Solicitudes

- **Prazo**: **14 a 20 de febreiro**
- **Só poderán realizarse mediante o formulario** de matrícula telemática **dispoñible** no enderezo:

  https://egap.xunta.gal/matricula
- **Desde as 8.00 horas** do día 14/02/23 **ata as 23.55 horas** do 20/02/23.
- **Número máximo de actividades formativas que se poden solicitar: tres**.

UGT Servizos Públicos de Galicia
Tlfo. 981 572 820
galicia.ugt-sp.es

POR · PARA · CON · DE · DESDE · ENTRE TODOS UGT